

PALABRA DE VIDA

Novembro 2025

«Benaventurados os que traballan pola paz, porque eles serán chamados fillos de Deus» (Mt 5, 9).

Recentemente, un observatorio creado por tres universidades italianas sinalou que nun ano houbo máis dun millón de mensaxes de odio na rede, e cada vez son máis violentos os dirixidos a estranxeiros, a xudeus e sobre todo a mulleres.

Está claro que non podemos xeneralizar, pero cada un de nós experimentou na familia, no traballo, no ámbito deportivo, etc. comportamentos conflitivos e ofensivos e ri-validades que dividen e poñen en perigo a convivencia social. Ademais, máis globalmente, hai no mundo 56 conflitos armados, a cifra máis alta desde a Segunda Guerra Mundial, cun altísimo número de vítimas civís.

Ante este panorama, resoan máis provocadoras, verdadeiras e fortes que nunca as palabras de Jesús:

«Benaventurados os que traballan pola paz, porque eles serán chamados fillos de Deus».

«Todo pobo e toda persoa ten un profundo anhelos de paz, de concordia e de unidade. Pero a pesar dos esforzos e a boa vontade, despois de milenios de historia vémonos incapaces de manter unha paz estable e duradeira. Xesús veu traernos a paz, unha paz –dinos– que non é como a que “dá o mundo” (Jn 14, 27), porque esta non é só ausencia de guerra, de loitas, divisións e traumas. A súa paz é tamén todo isto, pero é moito máis: é plenitude de vida e de alegría, é salvación integral da persoa, é liberdade, é xustiza e fraternidade no amor entre todos os pobos»¹.

A palabra de vida deste mes é a sétima das bienaventuranzas, coas que inicia o discurso da montaña (Mt 5–7). Xesús, que as encarna todas, diríxese aos seus discípulos para in-truílos. Hai que sinalar que as oito bienaventuranzas están formuladas en plural. Diso podemos deducir que non se pon o acento nun comportamento individual ou en virtudes persoais, senón máis ben nunha ética colectiva que se practica en grupo.

«Benaventurados os que traballan pola paz, porque eles serán chamados fillos de Deus».

Quen son os que traballan pola paz? Esta «benaventuranza é a máis activa e explícitamente operativa; a expresión verbal é análoga á que se utiliza no primeiro versículo da Biblia para a creación, e indica iniciativa e laboriosidade. O amor é por natureza creativo [...], busca a reconciliación a calquera prezo. Son chamados fillos de Deus aqueles que aprenderon a arte da paz e practícano, quen sabe que non hai reconciliación sen dar a vida e que hai que buscar a paz sempre e en calquera caso. [...] Non se trata dunha obra autónoma froito das

¹ C. Lubich, Palabra de vida de enero de 2004, en *Ciudad Nueva* n. 405 (1/2004), 22.

capacidades que un ten: é unha manifestación da graza que recibimos de Cristo, que é a nosa paz, que nos fixo fillos de Deus»².

«Benaventurados os que traballan pola paz, porque eles serán chamados fillos de Deus».

Entón, como vivir esta palabra? Ante todo, difundindo por todas partes o amor verdadeiro. Logo, intervindo cando a paz estea ameazada na nosa contorna. Ás veces basta escoitar ás partes enfrontadas con amor, ata o fondo, para ver unha saída.

Ademais, non nos renderemos mentres non se restablezan as relacións interrompidas, en moitos casos debido a unha pequenez. Poderíamos poñer en marcha –na entidade, asociación ou parroquia da que formamos parte– iniciativas concretas dirixidas a desenvolver unha maior conciencia da necesidade de paz. Hai no mundo miles de propostas, grandes e pequenas, que actúan nesta dirección: marchas, concertos, encontros; e tamén o voluntariado activa unha corrente de xenerosidade que constrúe a paz.

Hai ademais programas de educación á paz, como Living Peace³. A día de hoxe, máis de 2.600 colexios e grupos adhírense a este proxecto, e máis de dous millóns de nenos, novos e adultos dos cinco continentes participan nas súas iniciativas. Entre elas está o lanzamento do «dado da paz» –inspirado na dado da arte de amar de Chiara Lubich⁴– en cuxas caras están escritas frases que axudan a construír relacións de paz; e tamén unha iniciativa que se desenvolve en todo o mundo, o “Time-out”: cada día ás 12.00 faise un minuto de silencio, de reflexión ou de oración pola paz.

Augusto Parodi e o equipo da Palabra de Vida

² Francisco, Audiencia general, 15-4-2020: *La ley de Dios. Catequesis sobre los mandamientos y las bienaventuranzas*, Ciudad Nueva, Madrid 2020, pp. 155-156.

³ <http://livingpeaceinternational.org>.

⁴ C. Lubich, *El arte de amar*, Ciudad Nueva, Madrid 2006, 2012.